

Vista a Resolución Reitoral de 30/05/2024 da convocatoria de admisión e matrícula nas ensinanzas de Grao para o curso académico 24-25 e convocándose prazas específicas para o curso de adaptación o grao na Escola de Enxeñaría Industrial, sendo delegada a súa Resolución nos decanos e directores dos centros,

ESTA DIRECCIÓN RESOLVE:

Facer pública a listaxe definitiva das persoas admitidas para realizar a matrícula de acordo co establecido no apartado 1.7 da convocatoria de matrícula. Os alumnos poderán matricularse do 23 de agosto ao 06 de setembro.

As solicitudes de recoñecemento de créditos por experiencia profesional deberá presentarse para los alumnos que se matriculen no mes de agosto ata o 31 de agosto e resolveranse antes do 30 de setembro, para os alumnos que se matriculen no mes de setembro e outubro poderán solicitalo no momento da matrícula e resolverase no máis tarde dun mes contado dende o seguinte ao da data da formalización da matrícula. A experiencia debe ser debidamente acreditada pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e estará relacionada coas competencias inherentes o título oficial códigos 01 e 02, non computarase se é inferior a 5 anos. O recoñecemento efectuarase en materias que o estudante non deberá cursar ata un máximo de 18 créditos, non incorporándose cualificación, polo que non computarán a efectos de valoración do expediente académico.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao recibo desta notificación que se practica por correo certificado con aviso de recibimento de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así e todo, os interesados/as poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que ditou. Neste caso non se poderá interpor un recurso contencioso-administrativo, ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo da Lei 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 02 de agosto de 2024

O DIRECTOR DO CENTRO,

Asdo.: José Fariña Rodríguez

ESCOLA ENXEÑARÍA INDUSTRIAL
Área de Grao
Sede Cidade - Torrecedeira, 86
36208 VIGO (Pontevedra)
Teléfonos: 986 813643 / 986 813669 Fax: 986 818630
e-mail: eei.xaa.cidade@uvigo.es

